

MANTO NOCTURNO

César Cego

... o de Ana Gesto, desenvolvido arredor das prácticas culturais e sociais, tendo en conta a súa identidade cultural e tratándoa dunha forma pasional á vez de perversa subversión...

... a artista aparece vestida cun somier de cama, abrigo e á súa vez manto nocturno, como «o manto nocturno de Isis», gardiá da fecundidade. Material presente na arquitectura de reciclaxe galega, tan típica nas zonas do rural, rara é a leira ou parcela onde un somier ou un cabeceiro de cama antigo non exerza de cancela; reflexos dunha identidade, da memoria, unha sociedade de minifundio e de subsistencia...

... no percorrido por unha rúa céntrica dunha capital de provincia pequena, señorial e de carácter rural, a artista transita ataviada co «manto nocturno» e unhas zocas de madeira, relacionadas co traballo tradicional galego, arcaico e precario...

... percorrendo a vía xerando un son rítmico, da fusión de rozar o abrigo metálico e as zocas de madeira ao camiñar sobre a pedra do camiño...

... descalza, desprendida das «zocas», a artista vai recollendo froitos de vide que descansan en ovarios de louza doméstica, que tras introducilos na súa boca, devolve ao camiño as sementes residuais. Introducindo nas vestiduras os soportes cerámicos, agrandando o ventre, xerando novos sons, obstaculizando o camiñar polo esforzo da carga que cada vez se fai maior, construíndo pouco a pouco un preñe sociocultural...

... ao final do percorrido, coas mans núas, prepárase un leito de terra, arredor do cal circula o contido do seu ventre, cargando eses obxectos de novos froitos, que intensamente nutre e choca contra o firme do camiño...

... para finalmente desprenderse da súa armadura no térreo leito...

... conceptos e materiais rescatados da súa memoria, consciente identitaria do lugar onde habitan, do cotián, obxectos ou instrumentos pobres, estéticos, sonoros e visuais, ou o invisible, relacionados coa *identidade cultural*, que adquire para eles novos usos, dignifica a súa función, preserva esa identidade...

... non é só o obxecto, senón o suxeito o elemento constitutivo da obra artística.. increíble criatura de sexo feminino, innata xenética creativa descendente da deusa Venus, amor, beleza e fertilidade...

... a existencia do suxeito e o social; ideas poéticas e sensacións reencontradas no seu discurso persoal. A súa arte é compromiso, vida cargada de forza, proposta ao diálogo, ao debate, ás opinións, poesía visual...

... marca e forte conciencia de xénero, sen confrontación co masculino, que escapa do hipotético conflito de sexos...

... acción poética, narración, forma, contido, reflexión, crítica do contorno e tempo concreto que nos rodea...

... os espazos utilizados son á súa vez coprotagonistas na obra final, espazos públicos, moi transitados, con gran carga social. Materia e espazo relaciónanse entre si, aínda que tenden a descontextualizarse...

... outro concepto que está moi presente é o de camiño ou de percorrido, alegorías ao devir, ao tempo, ao movemento, á senda, ao traxecto...

... a materia cultural como linguaxe universal...